

Mércores, 3 de maio de 2023

Núm. 84

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****PORRIÑO, O****Bolsas de emprego**

Concello do Porriño

TABOLEIRO DE EDICTOS MUNICIPALES

DOCUMENTO:

Data inicio de exposición: 03-05-2023

Data final de exposición: 18-05-2023

O Porriño, a de de

CONVOCATORIA CONSTITUCIÓN BOLSA ANIMADOR SOCIOCULTURAL

ANUNCIO da convocatoria para a constitución dunha Bolsa de Emprego para prestar servizos de animador sociocultural do concello de O Porriño.

Mediante decreto da Alcaldía, número 2023-0983 de data 31-03-2023, aprobáronse as bases da selección de persoas, polo sistema de concurso, para a constitución dunha Bolsa de Emprego para prestar servizos de animador sociocultural no concello de O Porriño, ben por circunstancias de produción, ben por substitución de persoa traballadora ou ben por calquera outra causa prevista na lexislación vixente e segundo a causa habilitante que se produza en cada momento, de conformidade co establecido nas Bases que rexen a selección e no artigo 15 do Estatuto dos Traballadores, celebrándose contrato de duración determinada ata que finalice a causa que deu lugar a súa contratación.

As solicitudes presentaranse no rexistro xeral do concello de O Porriño, en horario de 9:00 a 14:00 horas de luns a venres (Praza da Antonio Palacios nº 1, 36400 O Porriño), ou de xeito telemático na Sede Electrónica <https://oporrino.sedelectronica.gal> ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, durante o prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOPPO.

As Bases do proceso selectivo publicaranse no taboleiro de anuncios da Sede electrónica e no taboleiro físico de anuncios do Concello do Porriño, sen prexuízo da súa publicación, de forma complementaria, na páxina web municipal www.oporrino.org.

Documento asinado dixitalmente á marxe.

O Porriño, o Alcalde Manuel Alejandro Lorenzo Alonso.

